


fapaourense
Federación de ANPA públicas de Ourense

escolares camiñando en familia



Xacobeo
21-22



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia

fapaourense
as burgas



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

INDICE

XUSTIFICACIÓN

Coherencia cos obxectivos do Xacobeo 2021
Dinamización do Camiño de Santiago

DESCRINCIÓN XERAL PROXECTO

Calidade da proposta executiva

CRONOGRAMA

XUSTIFICACIÓN

Coherencia cos obxectivos do Xacobeo 2021

FAPA Ourense As Burgas, é unha das Federacións de Anpa's máis grande de Galicia, agrupando a máis de 95 entidades da provincia de Ourense

O proxecto que presentamos ten varios obxectivos, pedagóxicos e de difusión dos valores e patrimonio do Camiño Xacobeo entre os máis novos e as súas familias. Reivindicando o orgullo, como galegos, de ser o final do Camiño-Itinerario Cultural Europeo máis importante

As actividades que propoñemos enmárcanse nas directrices e obxectivos principais da convocatoria de subvención *a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa O teu Xacobeo*, e se procede á súa convocatoria para os anos 2020 e 2021 (código de procedemento TU300A). Publicada o 29 de novembro de 2019

Obxectivo principal do proxecto: destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago, **fomentando o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago entre os máis novos**

Obxectivos secundarios do proxecto:

Obxectivo da subvención Artigo 1. Punto 3

Ámbito artístico:

– En cada xornada de andaina, na que peregrinemos pola Vía da Plata, na localidade onde finalicemos a ruta, haberá: unha actuación musical ou Artes escénicas, así como animación a xogos populares ou obradoiros

Ámbito de patrimonio e pensamento:

– En cada xornada de andaina, contaremos cun guía ou informador turístico que nos comentará as características da ruta realizada sobre: Patrimonio material (arquitectura, arqueoloxía, etnografía, xeografía, topografía e outras) e Patrimonio inmaterial (antropoloxía, tradicións, oficios, artesanía, gastronomía, enoloxía e outros).

Ámbito social:

– Programas de voluntariado en todas as súas dimensións:

A actividade en si Peregrinando pola Vía da Prata, é unha actividade dirixida a nais, país e titores legais, que de forma voluntaria participan nas ANPA's do

seu centro educativo, co que estamos a promover o voluntariado e a participación social. - Programas sociais e educativos no campo da igualdade, da inclusión social e da participación cidadá.

Obxectivos estratéxicos fixados polo Consello Xacobeo para o Xacobeo 2021, que cumpre a nosa proposta de actividades:

- Camiño. Destacar a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago. Sinalando estes recursos turísticos en cada ruta
- Europa. Convidar ao diálogo ao redor deste grande itinerario cultural europeo. Facendo conscientes aos participantes da importancia do Camiño Europeo como valor cultural da identidade europea.
- Audiencia e legado. Fomentar o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago, particularmente entre os máis novos, as súas familias e a comunidade escolar en xeral

b) Obxectivos estratéxicos da Comisión Organizadora do Xacobeo 2021 en Galicia, que cumpre a nosa proposta de actividades:

- Promoción. Promocionar Galicia como destino cultural e turístico. A través das nosas accións de comunicación e difusión das actividades, e aportando información aos participantes que lles permitan poñer en valor as características do Camiño Xacobeo
- Alcance. Implicar á poboación escolar da provincia de Ourense na celebración do Ano Santo Xacobeo e xerar un sentimento de orgullo e pertenza cara os valores da nosa comunidade.
- Innovación. Apostar por novas fórmulas de difusión e contidos innovadores que poñan en valor a esencia do Camiño de Santiago. Enfocando cada andaina, cada tramos da ruta, coma unha dinámica de aprendizaxe pedagóxico, sobre o entorno socio-natural e o Camiño Xacobeo
- Narrativa. Dar voz e recompilar as historias e experiencias que se xeren ao longo do Camiño. A través das fotos e as experiencias que narren as ANPAS nos seus blog e redes sociais
- Diálogo. Fomentar o intercambio cultural entre a sociedade local e os peregrinos e visitantes. Fomentando o contacto entre as persoas que participen na nosa actividade e resto de peregrinos, de feito, as actividades lúdicas do final de cada xornada, está aberta a todos os públicos: poboación local e peregrinos
- Desenvolvemento das áreas rurais ou que impliquen a comunidade local, especialmente os municipios de menos de 5.000 habitantes, contribúan a

aumentar a sensibilidade cidadá en relación coa relevancia dos valores do Camiño de Santiago e ou intercambio cultural entre a poboación local e os peregrinos e/ou visitantes. A maioría da ruta da Vía da Prata e os concellos onde realizaremos as actividades lúdicas, cumpren o requisito de seren rurais e de menos de 5000 habitantes.

- Que as accións dirixidas a públicos diversos impulsen a inclusión, a accesibilidade e o achegamento do feito xacobeo ao público novo, maiores, colectivos desfavorecidos. O noso proxecto, diríxese principalmente á infancia, e promoverá entre familias de baixo nivel económico a posibilidade de viaxar, e coñecer a provincia de Ourense e Galicia, sen custes

Dinamización do Camiño de Santiago

Ao longo das 26 xornadas de duración participarán un mínimo de 1.800 persoas como excursionistas a través dos municipios das 10 etapas oficiais do Camiño de Santiago Vía da Prata Dente a A Canda no Concello de A Mezquita ata Santiago de Compostela.

Desenvólvese en 20 municipios do Camiño de Santiago:

- | | |
|-----------------------------------|----------------------------|
| 1. A Canda Concello de A Mezquita | 10. Ourense |
| 2. A Gudiña | 11. Amoeiro |
| 3. Laza | 12. Vilamarín |
| 4. Vilar de Barrio | 13. Cea |
| 5. Xunqueira de Ambía | 14. Piñor |
| 6. Baños de Molgas | 15. Dozón |
| 7. Paderne de Allariz | 16. Lalín |
| 8. Taboadela | 17. Silleda |
| 9. San Cibrao das Viñas | 18. Vedra |
| | 19. Boqueixón |
| | 20. Santiago de Compostela |

Promovemos unha actividade fóra da temporada de verán:

O noso programa desenvólvese entre os meses de maio de 2021 a outubro de 2021.

Alén de facer o Camiño, ao finalizar o proxecto, o 3 de setembro de 2021, realizaremos unha “**fiesta de fin de etapa**”, nun concello da Provincia de Ourense situado no Camiño. A idea é que todas as familias que participaron ao longo das 26 xornadas que faremos do Camiño, se podan xuntar para celebrar o final do Camiño

En concreto o concello sería: Ourense cidade

Será unha actividade aberta a participar todas as familias da provincia de Ourense e á poboación dos concellos da zona.

DESCRIPCIÓN XERAL PROXECTO

Calidade da proposta executiva

Obxectivos

- Poñer en valor o Camiño de Santiago para os públicos máis novos e para a poboación local da provincia de Ourense e en concreto para a poboación por onde pasa o Camiño de Santiago.
- Actividade orixinal. Dirixida á convivencia da comunidade escolar, nomeadamente as familias e as súas crianzas
- Que a actividade incorpora artistas e/ou creadores galegos na súa programación: a través das actuacións do final de cada andaina e na festa final do Camiño
- Que as actividades programadas inclúan a figuras de repercusión e traxectoria recoñecidas, valorando aquelas que sexan notorias a nivel internacional ou nacional. Na festa de final do Camiño, contaremos ca presenza do exciclista e comentarista deportivo Óscar Pereiro
- Que sexa unha actividade multidisciplinar, é dicir, que combine máis dunha das disciplinas admisibles na convocatoria: coñecemento do patrimonio material e inmaterial, relación entre peregrinos e poboación local, actividades lúdicas e de lecer
- Que a proposta dispón solucións de accesibilidade para persoas con discapacidade: tanto no transporte adaptado, como aportando monitores especializados en caso necesario
- Que a actividade recolla accións respectuosas co ambiente porque poña en marcha accións de medición e compensación do impacto do evento ou active campañas de sensibilización sobre o respecto ao ambiente. A través das nosas camisolas repartidas ás persoas participantes, con lemas en 3 idiomas a favor da defensa do medio ambiente natural
- Que a actividade recolla accións de participación cidadá: voluntariado, implicación activa da cidadanía no deseño ou execución da actividade. A organización do evento, realízase a través do traballo voluntario de nais e país, tanto na directiva da FAPA, como en cada ANPA

- Que a actividade se desenvolva en espazos públicos. Sempre estarán abertas á participación de todos os públicos e en espazos públicos
- Que a actividade recolle accións que fomenten o equilibrio de xénero e a igualdade ou que presente unha programación na que polo menos o 50 % dos creadores, artistas ou participantes sexan mulleres. Teremos en conta este criterio para seleccionar: guías e informadoras turísticas, artistas para actuacións e monitoras para obradoiros infantís

DESCRIPCIÓN TÉCNICA

Desenvolvemento das actividades

- A. Entre o 29 de maio de 2021 e o 23 de outubro de 2021, todos os sábados (agás no período de Nadal) organizaremos unha andaina aberta a familias das anpas de toda a provincial.
- B. Ao longo de 26 xornadas, percorrерemos o Camiño da Vía Prata ata chegar a Santiago de Compostela. Procuraremos adaptarnos ao público infantil, facendo rutas de non máis de 10 kilómetros.
- C. Contamos cun mínimo de 50 persoas. FAPA OURENSE As Burgas, agrupa a máis de 95 ANPAS de toda a provincial de Ourense, e contamos cunha estimación media de participación de entre 50 e 100 persoas
- D. En cada xornada contaremos cun monitor/a-guía para explicar ás familias as características da ruta e os recursos turísticos que vamos atopar, como o patrimonio material e inmaterial, con especial atención a bens declarados patrimonio mundial, bens declarados de interese cultural, espazos naturais declarados protexidos, que atopemos ao longo do Camiño Vía da Prata
- E. Ao final de cada xornada, na localidade onde remate a ruta, organizaremos un pequeno evento: contacontos e actuación musical, xogos populares e obradoiros; con temáticas relacionadas ca Igualdade de xénero e o respecto ao medio ambiente

F. Para reforzar o vínculo con estas temáticas da nosa actividade, cada participante recibirá unha camisola cos lemas:

“Crianzas Orgullosas do Camiño de Santiago. Respectando o Medio Ambiente. Camiñando en Igualdade”

En idiomas: Galego-Castelán e Inglés

FESTA FINAL DO CAMIÑO

Data de celebración: 3 de setembro de 2021

Lugar: Concello de Ourense

Actividades: Concerto e teatro infantil, obradoiros de manualidades e xogos populares. Contaremos ca presenza do ciclista Óscar Pereiro

Alcance estimado: Segundo aforo normas COVID

ALCANCE XERAL

FAPA Ourense As Burgas, pertence á maior confederación de anpas de Galicia: CONFAPA-Galicia. A nivel estatal tamén pertence á confederación de anpas máis grande de España: CEAPA.

Esta colaboración entre anpas de toda Galicia e do Estado Español permite alcanzar altas cotas de viralidade online das nosas comunicacións

A nivel local, FAPA Ourense, representa a anpas do ensino reglado de Primaria e Secundaria, pero tamén a anpas de escolas municipais de música e artes, Escola de Idiomas, Conservatorios, etc. É unha organización con gran transversalidade social, presente en varios sectores socio-profesionais da provincia de Ourense

CRONOGRAMA

Do **29 de maio a 23 de outubro de 2021** hai fins de semana:

3 de setembro. Festa Final do Camiño: animación socio-cultural

		ANDAINAS ESCOLARES TOTAL:26 + 1	Acto de conmemoración da peregrinación Festa Fin do Camiño
2021	MAIO	1	
	XUÑO	5	
	XULLO	5	
	AGOSTO	7	
	SETEMBRO	4	1
	OUTUBRO	4	